



2018/PROCESOSELECTIVO/000006

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE PERSOAL

ASUNTO: LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CONFIGURACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A COBERTURA INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO/A EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL ENCADRADAS NO GRUPO A, SUBGRUPO A1

Publicadas no BOP núm.171 do 05/09/2018 as bases reguladoras do proceso selectivo para a configuración dunha lista de reserva para a cobertura interina de prazas de técnico/a en tecnoloxías da información da escala de administración especial encadradas no grupo A, subgrupo A1, e finalizado o prazo establecido para a presentación de instancias o 17/09/2018, esta Concellería de Goberno en exercicio das súas atribucións delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo de 21 de abril de 2017,

RESOLVE

Primeiro.- Listaxe de aspirantes admitidos.- Admitir aos seguintes aspirantes:

TÉCNICO/A TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

- 1 ALONSO GARCÍA, YAGO
- 2 BERMEJO PLANA, MANUEL
- 3 FERNÁNDEZ VILLAR, CARLOS
- 4 GUERRA RODRÍGUEZ, JUAN JOSE
- 5 MAGARIÑOS MOA, MANUEL

Segundo.- Listaxe de aspirantes excluídos.-

TÉCNICO/A TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

| | APELIDOS E NOME | CAUSA EXCLUSIÓN |
|---|-------------------------|-----------------|
| 1 | RODRÍGUEZ DORADO, CÉSAR | FALTA DNI |

Terceiro.- Prazo de emenda de solicitudes.- Consonte o artigo 7 das bases da convocatoria, concédese un prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, a efectos de emenda dos defectos, omisións ou reclamacións arriba sinalados.

Cuarto.- Publicación no taboleiro de anuncios do Concello.- A presente Resolución publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado no baixo do edificio Michelena 30, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra cuxa dirección é <http://sede.pontevedra.gal> .



Quinto.-Transcorrido o prazo de emenda de solicitudes, mediante Resolución da concellería de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos, a composición do tribunal cualificador e determinarase a data de constitución do tribunal e de comezo do proceso selectivo convocado que se publicará, así mesmo, no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, para os efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra cuxa dirección é <http://sede.pontevedra.gal>.

Así o ordena e dispón esta Concellería de Goberno, por delegación do Excmo. Sr. Alcalde e da Xunta de Goberno Local, perante o Secretario da administración municipal, que DA FE da precedente Resolución.

